


# PEDRO E O LOBO

Fantoches Baj



Dirección e adaptación do texto: Inacio.

Actores: Inacio, Luís Iglesias “Luchi” e Larraiz Urruzola.

Construción de marionetas e escenografía: Inacio e Luís Iglesias “Luchi”

Vestuario: Olga Vieites

Deseño de iluminación: Xacobe Castro

Deseño do cartel, escenarios e figurinos: Iván Suárez

Autor da música: Sergei Prokofiev, arranxo para banda de música de Benxamín Otero

Produción: Fantoques Baj

Guía didáctica: Marta Otero

OBXECTIVOS XERAIS .....	4
O CONTO E A MÚSICA .....	6
A audición de Pedro e o Lobo, o conto orixinal musicado .....	6
Sergei Prokofiev .....	8
A banda de música.....	10
OS PERSONAXES E A TÉCNICA <i>BUNRAKU</i> .....	13
Os personaxes do conto .....	13
As marionetas bunraku.....	17
PROPOSTA DE TRABALLO .....	18
Antes da obra.....	19
Despois da obra .....	24
AVALIACIÓN .....	38
FONTES CONSULTADAS.....	39
ANEXO .....	40



## PRESENTACIÓN

Presentamos un espectáculo de marionetas, dunha duración aproximada de **45 minutos**, dirixido a rapaces con idades comprendidas entre os **5 e os 10 anos** e ás súas familias. É unha adaptación da obra orixinal de *Pedro e o Lobo* de Prokofiev. A obra narra a historia de Antón, Mariola e Pedro, antigos operarios do ferrocarril, que durante un tempo tiveron que dedicarse a desfacer camiños de ferro, quitando as vías do tren e pechando as estacións de proximidade. Un día, tocoulles desmontar a estación da súa aldea, Montefurado, e no medio da tarefa atoparon a gorra do avó de Pedro, que fora factor desa estación. Ao lembrarse do avó, cavilaron no desgusto que levaría se os atopase alí desfacendo a estación e, dende ese día, decidiron mudar de traballo e dedicarse a construír un parque temático sobre o tren. En homenaxe ao avó, o primeiro que fixeron foi reproducir en maqueta a súa casa, un antigo vagón. Antón, Mariola e Pedro retrocederán ao pasado para contarnos unha das súas anécdotas en Montefurado: o día que se coñeceron e que toda a aldea andaba na procura do lobo.

**Fantoches Baj** é unha compañía de monicreques fundada en Portugal por Inacio e que actualmente ten a súa sede en Lalín. Entre os seus diversos espectáculos pódense atopar propostas tradicionais inspiradas na literatura oral nas que empregan bonecos de luva e variña, e outras máis contemporáneas que parten de textos poéticos onde as marionetas son obxectos xa elaborados. Tamén é frecuente que nas súas obras se estableza un diálogo entre o teatro de marionetas e outras linguaxes escénicas como o *kamishibai*, o *clown*, os xigantes e cabezudos, a maxia ou o teatro de rúa.



## OBXECTIVOS XERAIS

A finalidade desta proposta é aproximar ao contexto sociocultural e educativo dos rapaces galegos o clásico dos concertos didácticos *Pedro e o Lobo*, conto popular ruso que Prokofiev musicou coa intención de ensinar aos mais pequenos e pequenas os diferentes instrumentos dunha orquestra sinfónica. Para este achegamento, convertemos a narración do conto nun espectáculo de marionetas, arranxamos a música para unha formación bandística e situamos a historia na actualidade, nunha aldea galega.

Coa intención de facilitar a tarefa do mestre/a, esta guía contén información sobre a obra orixinal de *Pedro e o Lobo* e sobre o autor, Prokofiev. Inclúe tamén unha pequena descrición dos diferentes personaxes que interveñen no conto, cita os instrumentos que representan a cada personaxe e fornece información sobre as bandas de música. Alén disto, explica a técnica de monicreques *bunraku* e propón actividades que contribuirán a que os rapaces profunden e gocen do espectáculo.

Propoñemos unha tarefa que se compón de diferentes actividades agrupadas en dous bloques, deseñados para levarse a cabo un antes de ver a obra, e outro despois. Neste senso, poderíamos incluír no medio un terceiro bloque no que situaríamos o espectáculo.

Os **obxectivos xerais** que queremos alcanzar con esta tarefa son:

- Formar ao alumnado como público.
- Dar a coñecer a audición e o conto de *Pedro e o Lobo* de Prokofiev ao público de idade escolar, enriquecendo a súa formación tanto teatral como musical.
- Estimular a satisfacción pola escoita en directo e promover a atención e a apreciación de diferentes actividades artísticas.
- Comprender e valorar a adaptación para banda de música da obra sinfónica orixinal que Prokofiev compuxo.



- Promover e incitar á reflexión, análise e comprensión da historia de *Pedro e o Lobo*, especialmente do conflito moral formulado no final da obra.
- Poñer en valor a vida rural e o seu modo de comunicación máis efectivo, que é o ferrocarril.
- Achegar os rapaces ao teatro de marionetas a través da técnica *bunraku* como xeito de expresión e comunicación.



## O CONTO E A MÚSICA

### *A audición de Pedro e o Lobo, o conto orixinal musicado*

---

No 1936, Natalya Sats, directora do Teatro Infantil Musical de Moscú, encargoulle unha composición singular a Sergei Prokofiev, na que lle pediu incluír nun conto animais e personaxes do folclore ruso, co fin de achegar a música sinfónica ás nenas e nenos. O compositor completou a partitura en apenas uns días, e a estrea tivo lugar o 2 de maio de 1936.

O conto musicado *Pedro e o Lobo* foi un dos primeiros concertos didácticos que, cunha temática infantil e popular, buscou unir a palabra e a música. O propio Prokofiev compuxo esta obra mestra baseándose nun relato popular ruso. Modificou e escribiu el mesmo a historia e logrou de xeito moi preciso describir e relacionar a personalidade de cada personaxe do conto con cadanseu instrumento da orquestra.

Compuxo a obra para unha orquestra sinfónica onde o vento madeira ten moita importancia. Cada personaxe da historia ten asignado un instrumento e un tema musical: Pedro son os instrumentos de corda, o avó é o fagot, o paxaro é a frauta travesa, o pato é o óboe, o gato é o clarinete, o lobo son as tres trompas e os cazadores son os timbais e o bombo. A música vai debuxando aos personaxes por medio destes instrumentos pero tamén a través de ritmos suxestivos, harmonías sinistras e sons onomatopeicos.

No conto, Pedro é un rapaz que vive co seu avó nunha casa no monte. Un día, sae da casa deixando aberta a porta do xardín e faise amigo dun paxaro. Un dos patos do avó ve a porta aberta e decide saír tamén en busca de diversión nun estanque que alí había. O paxaro e o pato atópanse e comezan a discutir ao tempo que o gato de Pedro sae cauteloso intentando atrapar algunha das aves. Nese intre Pedro aconséllalles que se poñan a salvo, e o paxaro voa alto e púsase nunha rama, mentres o pato queda coitadiño no estanque. Despois chega o avó e berra con Pedro por estar fóra da casa; dille que ese sitio é moi perigoso, que nel vive o lobo e que podería ser atacado facilmente por el. Pedro faise o valente e replícalle dicindo que non ten medo, que el pode atrapar ao lobo se se atopa con el. O avó lévao para a casa e pecha a porta. Os animais quedan fóra e de pronto o lobo aparece. O gatoponse a salvo pero o lobo atrapa ao pato e cómeo. Pedro observa esta escena mirando a través do buraco da porta e argalla para saír e axudar aos animais. Engancha unha corda, salta o muro do xardín e rapidamente sobe a unha árbore. Coa axuda do paxaro consegue enganchar ao lobo polo rabo e finalmente capturalo. Os cazadores chegan nese intre e queren dispararlle ao lobo pero Pedro convénceos para que non o fagan e para que o leven ao zoo. Ao final todos emprenden camiño ao zoo para levar ao lobo, incluso o pato, que fala dende a barriga do lobo.





## Sergei Prokofiev

---

O neoclasicismo, unha corrente estética do século XX cuxo propósito foi expandir o coñecemento dos problemas sociais e as vivencias das persoas por medio da arte, recibiu na Unión Soviética o nome de “realismo socialista”. Porén, en música o neoclasicismo refírese ao movemento que retomou unha práctica común da tradición en canto á harmonía, á melodía, á forma, aos timbres e aos ritmos pero mesturada con grandes disonancias atonais como punto de partida para compoñer. Un destacado compositor ruso usualmente mencionado neste estilo é



Sergei Prokofiev, que anticipou moitas das características estilísticas que ían tipificar o movemento neoclásico.


Sergei Prokofiev (1891-1953) comezou a compoñer a unha idade moi temperá. Máis adiante, graduouse como pianista e aos vinte anos compuxo o seu primeiro concerto para piano, o que o situou como unha destacada personalidade no campo da composición. O seu estilo, sempre moi particular, fuxiu do romanticismo e do sentimentalismo seguindo unha tendencia cara ao clasicismo.

Proba disto é a Sinfonía Nº 1 “Clásica”, composta para unha orquestración propia de finais do século XVIII, na que cada un dos seus catro movementos segue un prototipo formal propio do clasicismo. A súa obra está marcada por composicións con certa tendencia ao grotesco e cunha inesgotable fantasía, en ocasións considerada demasiado moderna para a época na que foi composta.

Cara ao 1920, tivo que abandonar o seu país natal e viviu entre Estados Unidos, Alemaña e Francia, onde o contacto coa cultura occidental exerceu un claro efecto sobre o seu estilo, adquirindo un carácter máis disonante e complicado. Durante este período compuxo a *Sinfonía Clásica* (1918), a ópera *O amor das tres laranxas* (1919), os tres primeiros Concertos para Piano e Orquestra (1923) e o ballet *Pegadas de aceiro* (1927), entre outras obras.

No 1936 Prokofiev volveu a Rusia. A súa volta coincidiu coa drástica ruptura que se produciu na arte progresista en Rusia e coa aparición do *realismo socialista* como o estilo oficial do Partido Comunista. Prokofiev estivo inevitablemente atraído polas controversias estéticas daquela época. Nesta época compuxo a música orixinal para varios filmes: *O tenente Kijé* (1934), *Alexander Nevsky* (1939), *Iván o Terrible* (1945), o ballet de *Romeo e Xulieta* (1935) e o conto musical *Pedro e o Lobo* (1936).

## A banda de música



Prokofiev partiu dun sinxelo conto para explicar a complexidade da orquestra sinfónica aos rapaces e ensinarlle os diferentes instrumentos musicais dos que se compón. Neste espectáculo buscamos contextualizar a música de *Pedro e o lobo* na nosa contorna, polo que propoñemos unha reinterpretación da obra axustada a unha banda de música, unha formación que ten unha gran tradición en Galicia. Da obra inicial

tenta coidarse o carácter didáctico e formativo, incorporando só algunhas modificacións marcadas polas esixencias do conxunto ao que vai dirixido. Así, as cordas que describen a Pedro son tocadas na banda polo conxunto do vento madeira.

Cando falamos de Banda de Música, referímonos ao conxunto de músicos que interpretan instrumentos de vento e de percusión. Na imaxe anterior, podemos observar o nome e a distribución dos instrumentos que forman parte dunha banda de música. Este conxunto pode transformarse en banda sinfónica cando se lle incorporan instrumentos de corda como o violonchelo ou o contrabaixo.


As bandas de música como as coñecemos hoxe en día xorden na Revolución Francesa, onde as pequenas bandas militares comezan a participar da vida social das cidades. O seu tamaño medra rapidamente a raíz da invención do saxofón, a tuba e a súa familia e dos pistóns nos instrumentos de vento metal.



Banda Artística de Merza fundada no 1828

En Galicia, na primeira metade do século XIX as bandas militares pasan de ter unha función exclusivamente castrense a participar da vida cultural das vilas, o que fomenta un contacto estreito coa poboación civil que desembocará no nacemento das primeiras bandas populares. Estas xorden xeralmente ao abeiro de sociedades musicais, ateneos, liceos, gremios e outras formas de asociacionismo. A banda popular busca satisfacer coa súa presenza a demanda musical de actos civís e relixiosos (procesións, actos públicos ou visitas de personalidade), difundir e favorecer o contacto da xente da vila coa cultura musical “clásica” (moitas veces inalcanzábel doutro xeito) e dar soporte musical a festas e verbenas.

Xa no comezo, estas formacións acadan unha tremenda popularidade nas vilas galegas porque permiten aos seus músicos viaxar, obter ingresos extras ou beneficiarse dos privilexios de pertencer a estes colectivos. Hoxe en día, o éxito das bandas é consecuencia da súa tradición enraizada, da posibilidade de obter no seu seo unha formación de calidade e de que serven de porta de acceso á profesionalización musical. Por outro lado, souberon introducir no seu repertorio a música popular da actualidade (o jazz, o pop, as bandas sonoras...) ao tempo que unha nova xeración de compositores de música contemporánea comezaron a pensar nestas formacións para as súas creacións. Tamén, nunha tentativa de captar novos públicos, as bandas veñen realizando concertos combinados con outras propostas escénicas.





## OS PERSONAXES E A TÉCNICA *BUNRAKU*

### Os personaxes do conto


---

Baixo a máscara de cada un dos personaxes que aparecen no conto agóchase un símbolo da sociedade. Neste senso, o avó representa a autoridade, Pedro a irreflexión ante o perigo e a valentía, Mariola a coidadora da natureza, o paxaro o heroe, o pato o burgués covarde, o lobo o perverso e maligno inimigo e o cazador Antón representa a forza do mundo adulto que trata de dominar a natureza e que nunca o consegue de todo. Estes arquetipos vense reflectidos nas calidades físicas e sonoras do instrumento co que Prokofiev os relacionou aínda que semella que o autor puxo música a uns personaxes máis ca poñer personaxes a uns instrumentos.



**Pedro**, o personaxe principal do conto, é un rapaz que vive na cidade e que desexa facerse maior para que seus pais o deixen pasar os veráns co avó na aldea de Montefurado. É un neno inquedo e valente e ten un don especial para comunicarse cos animais. Na obra orixinal, os instrumentos que lle poñen voz a Pedro son os que forman o conxunto das cordas. Na nosa proposta, este personaxe é representado por todo o conxunto da banda, transmitindo igualmente a enerxía brillante que ten o protagonista. Pedro enfróntase ao lobo e consegue atrapalo, mais cando o ten preso sente dó do animal e, coa axuda de Mariola, decide deixalo en liberdade.

O **paporrubio** é o fiel amigo de Pedro e intenta previlo da presenza do lobo na fraga. Sabe coidarse moi ben, escapa do gato que o quere comer e axuda a Pedro a atrapar ao lobo. Asustadizo, áxil e rápido é representado pola frauta. A frauta travesa é un instrumento que emula de xeito moi preciso o canto do paxariño.



A **pata Maragata** é un pouco torpe e voa moi pouquiño. Aproveita un descoido de Pedro para saír da casa e xogar no estanque e esta imprudencia cústalle a vida. Cando se atopa no estanque xogando aparece o lobo e cómea dun bocado; ela intentou fuxir del mais a súa torpeza ao camiñar fixo que acabase enteiriña na barriga do lobo. É representada polo óboe, un dos instrumentos de vento madeira de lingüeta dobre que ten un son nasal e penetrante.



O **gato**, o animal de compañía de Pedro, é suave, elegante, caprichoso e listo. No conto saca de cando en vez as súas afiadas garras para conseguir atrapar ao paporrubio pero non é capaz xa que no medio aparece o lobo e ten que escapar del. Represéntao o clarinete, un instrumento de lingüeta simple que pertence á familia de vento madeira.



O **avó**, Isolino, fora factor na estación de Montefurado. É un home de seu, serio, que sempre está preocupado polo que lle poida pasar ao seu neto se sae só ao bosque. O instrumento que se lle atribúe é o fagot. É un instrumento de vento madeira, de cana dobre, que ten un son moi expresivo e potente. O fagot co seu seco son semella evocar un ancián.

O **lobo** asume o rol de malo, cruel e solitario en contos, lendas e supersticións que enchen e enriquecen a nosa cultura. Nestes relatos, cuxos receptores habituais eran os rapaces, o lobo e o home cohabitan nunha relación na que o animal é o responsable das cousas mal feitas. Así é no conto popular no que se baseou Prokofiev aínda que finalmente na nosa obra o lobo contradí este prexuízo e máis que verse como un inimigo vese como un elemento máis do hábitat. Para crear a sensación de medo e tensión que nos provoca o lobo, Prokofiev representouno coas trompas, un instrumento de vento metal que ten a súa orixe nas cacerías.





O **cazador** é Antón, o pai de Mariola. É un home forte e moi grande e vai armado cunha escopeta. Antón quere atrapar ao lobo e matalo. Na obra musical os cazadores son representados polos timbais, os instrumentos de percusión da banda que máis retumban, evocando o son onomatopeico dos disparos da escopeta e provocando no ouvinte a sorpresa e o pavor.



**Mariola** é unha doce nena de aldea que medra en Montefurado. Coñece a Pedro o mesmo día que este atrapa ao lobo e namora del.

Comprometida coa natureza e cos animais que habitan nela vai ser clave á hora de tomar a decisión de que facer co lobo cando está na gaiola. O instrumento que a representa é a voz pois canta “*Avanti Popolo*”, unha peza tradicional lombarda que celebra a vitoria da liberdade, neste caso a do lobo.



## As marionetas *bunraku*

---

A estes elementos musicais e literarios propostos por Prokofiev, Fantoques Baj quixo engadir-lles a compoñente escénica das marionetas procurando conseguir con elas que a historia de *Pedro e o lobo* sexa máis palpable sen ter que renunciar ao seu carácter máxico. Por isto chegaron á conclusión de que a técnica de marionetas que máis se lle axeitaba era o *bunraku*.

O *bunraku* é considerado en Xapón como un dos principais xéneros dramáticos tradicionais. Xorde como unha asociación das




marionetas cun xénero narrativo moi en voga no século XV chamado *Johruri*. Como espectáculo combina a narración cantada, o teatro de marionetas con manipulación á vista co acompañamento instrumental. As marionetas son fabricadas por mestres artesáns e movidas por tres manipuladores. Estes articulan os grandes monicreques enriba dun escenario deixando ver a parte superior do seu corpo. Dende unha plataforma, o rapsodo conta unha historia que ás veces le e outras improvisa mentres un músico toca o laúde.

Para a representación deste noso espectáculo simplifícase a técnica do *bunraku*; os manipuladores son os narradores e cada un deles move diferentes marionetas enriba dunha mesa-escenario onde se vai desenvolvendo a historia. Durante o conto, succédense diferentes momentos dramáticos, presentes xa na música de Prokofiev, que van dende o suspense ao humor pasando pola tristeza, a felicidade, a liberdade ou o amor e que son interpretados polas marionetas e enfatizados polo xesto do actor que permanece á vista.




## PROPOSTA DE TRABALLO

Esta proposta didáctica é unha tarefa que se estrutura en dous bloques, cada un deles propón diferentes actividades que se traballarán de forma consecutiva, antes e despois de ver o espectáculo. Para levar a cabo as actividades propoñemos diferentes exercicios que axudarán a reforzar os contidos da obra e da posta en escena e alcanzar os obxectivos previamente citados.



A tarefa está deseñada en base a espertar nos rapaces a inquedanza polas artes escénicas, a sensibilidade musical e estética, a necesidade de achegarse á literatura tradicional e a finalidade última de favorecer o desenvolvemento de recursos para a valoración crítica do espectáculo. Os contidos que se integran nelas trátanse dende a perspectiva da educación en valores, a educación afectiva e o traballo cooperativo tentando ademais realizar un tratamento integral das diferentes áreas do coñecemento. Cada unha delas é unha fiestra aberta a un camiño de aprendizaxe que no futuro podería servir de inicio e motivación cara a novos proxectos.

As tarefas que presentamos nesta guía hai que entendelas como suxestións, xa que comprendemos que o mestre debe ter un espazo de autonomía para adecualas ao nivel educativo do alumnado, ás necesidades de cada grupo-clase, e ao tempo e aos recursos dos que dispón.



Con este primeiro bloque queremos proporcionarlle ao alumnado uns coñecementos previos que esperten a curiosidade e o interese polo espectáculo. As actividades teñen un carácter aberto e flexible e están orientadas ao último curso de infantil e aos catro primeiros niveis de primaria polo que insistimos na importancia de adaptalas cando se poñan en práctica.

✚ Nun **primeiro apartado**, propoñemos actividades de motivación, realizando un seguimento da información previa ao espectáculo, da que podemos dispoñer nos medios de comunicación e a través da análise de diferentes fontes bibliográficas.

No [ANEXO](#) desta guía didáctica atoparemos o cartel da obra.

### Actividades:

#### 1. *Imos ver Pedro e o Lobo!*

- Que tipo de espectáculo é? Onde vai ser o espectáculo? Cando vai ser? A que hora? Como chegaremos ao sitio?  
Temos que mercar as entradas? Localizamos o sitio onde se realizará o espectáculo no mapa da vila ou cidade.
- Marcade na vosa axenda escolar o día e a hora á que vai ser.

## 2. **Traballamos co cartel.**

- Colocade o cartel no panel informativo e observade e identificade os diferentes elementos que aparecen nel.
- Construíde unha historia coa imaxe do cartel que teña tres partes diferenciadas: principio, nó e desenlace.
- Escribide unha nota de prensa para o xornal local informando que a vosa clase vai ir ver *Pedro e o Lobo*.

## 2. **Que din de *Pedro e o Lobo* nos xornais e na rede?**

- Buscade noticias sobre o espectáculo en internet e na prensa local. Propoñémosvos algúns enlaces:

Fantoches Baj: [www.fantochesbaj-pedroeolobo.com](http://www.fantochesbaj-pedroeolobo.com)

Urdime: <http://www.urdime.net/#!pedro-e-o-lobo/cn9s>

Vídeo promocional da obra: <https://www.youtube.com/watch?v=aFcw1r3TzLQ>

## 4. **Preparádevos para ser público!**


- Escollede en internet unha fotografía dun auditorio ou teatro (se é ao que ides mellor), observade como están distribuídas as cadeiras e preparade a clase para que se pareza a un auditorio. Colocade as vosas cadeiras de

maneira que queden distribuídas en filas nomeadas con letras do alfabeto e en columnas numeradas. Cada alumno/a debe escoller un sitio e memorizar ou apuntar a letra e o número.

- Diseñade unha entrada para ver o espectáculo. Esta debe conter un debuxo da obra, o seu título, o nome do auditorio no que vai ser, o día, a hora e o número do seu asento.
- Coa entrada, e coa clase preparada coma se fose un auditorio ou teatro, imaxinade que estades no día da obra e xogade entre todos. Un de vós deberá facer de acomodador e os demais entraran na clase e buscarán o seu sitio.
- En conxunto con todos os compañeiros da aula, elaborade unha lista de suxestións para ser un bo espectador aproveitando para reflexionar sobre os porqués. Exemplo:

#### DECÁLOGO DO BO ESPECTADOR

- ✓ Informarse do que se vai ver antes de ir ao teatro.
- ✓ Non chegar tarde porque supón perder unha parte da representación.
- ✓ Debe gardarse silencio, apagar os teléfonos, non comer...
- ✓ É importante respectar e coidar o mobiliario do teatro.



✚ Neste **segundo e último apartado** deste bloque propoñemos indagar sobre a vida e obra de Prokofiev. O apartado número 3 desta guía didáctica contén información sobre este autor. Propoñemos habilitar na biblioteca de aula un espazo dedicado a el, no que se recompilarán e observarán diferentes publicacións sen profundar na historia do conto.

## Actividades:

### 5. Quen foi Sergei Prokofiev?

- Buscade en internet imaxes do autor, escollede unha fotografía e un debuxo, razoade porque as fotografías están todas en branco e negro. Facede unha biografía debuxada: pintade a cidade onde naceu e poñédelle o nome, pintade o seu traballo, as súas composicións...
- Preguntade na casa se tendes discografía do autor ou da obra e pedídeo prestado para telo uns días na biblioteca de aula.
- Ide á biblioteca do colexio e buscade información sobre Prokofiev en libros e na rede. Co carné da biblioteca collede en préstamo os libros que encontredes e observádeos na aula. Tamén podedes botar man da biblioteca municipal.
- Facede un eixo cronolóxico nos vosos cadernos que conteña o ano que naceu e o ano que morreu o autor, o ano no que se lle encargou facer a obra de *Pedro e o lobo* e o ano no que se estreou; poñede tamén o ano no que nacestes vós e o ano no que ides ver esta obra, no que estamos agora. Observade o paso do tempo.

- Collede o globo terráqueo ou un atlas que teña un mapamundi e buscade o país onde naceu. Como se chaman os habitantes dese país? Que idioma falan alí?
- Buscade en internet o alfabeto cirílico ( alfabeto que usa a lingua rusa) e transcribide en cirílico o nome do autor e da obra de *Pedro e o lobo*.
- Con toda a información que tedes recompilada, create unha ficha informativa ou facede unha descrición sobre Prokofiev nos vosos cadernos. Aquí tedes un exemplo:



Chámase:

-----

Cando naceu?

O país onde naceu chámase

Cal foi a súa profesión?

En que países viviu?

Foi o autor de:



Nestoutro bloque levaremos a cabo as actividades despois da representación da obra co obxectivo de incitar reflexións sobre o espectáculo e construír unha crítica valorando o traballo realizado con anterioridade na aula. Buscamos concluír a tarefa cunha creación propia. Insistimos en que as actividades teñen un carácter aberto e flexible polo que é moi importante adaptalas ao nivel educativo no que se van desenvolver.

- ✚ **Nun primeiro apartado** deste bloque comezaremos coas actividades de desenvolvemento para estruturar as ideas previas e aplicar as novas aprendizaxes adquiridas durante a obra realizando unha valoración xeral do espectáculo.

### Actividades:

#### 1. Crítica teatral.

- Realizade unha breve sinopse da obra que describa tamén a posta en escena e presentade nela aos diferentes personaxes do conto e falade do instrumento co que se relacionan. Podedes facelo entre todos oralmente na aula ou individualmente cada un no seu caderno.
- Entre todos, compartide as observacións individuais sobre o espectáculo. Ademais do argumento, tentade lembrar o deseño escénico, o vestuario, a iluminación, a música ou a posta en escena.


- Prepara unha cartolina xigante na que escribades cada un de vós tres cousas sobre o espectáculo: unha que vos encantara, outra que vos gustara e outra que non vos gustara tanto.

## 2. Noticia informativa ao xornal local.

- Escribide unha noticia para a prensa local contando que o voso colexio foi ver a obra *Pedro e o lobo* de Fantoches Baj. A noticia podería conter o título da obra, unha breve sinopse, o que máis vos gustou, o que non vos gustou tanto, o día no que fostes ao teatro ou o número de alumnos que vistes a obra. Podedes publicala no voso blog de aula ou de centro.

## 3. Quen é quen?

- escoita o que di Pedro.



- ✚ Neste **segundo apartado** propoñemos realizar actividades de desenvolvemento e consolidación para as cales escollemos diferentes contidos musicais, teatrais e literarios que se deron durante a obra.

### Actividades:







#### 4. Subide ao tren!

- Xogade ao *Apeadeiro*, unha versión do clásico xogo das cadeiras con música. Colocade as cadeiras en círculo de tal xeito que o número de cadeiras sexa igual ao de todos os participantes menos dúas. Camiñade arredor delas facendo un tren e de forma rotativa, un fará de locomotora e os demais de vagóns. Cando a locomotora asubie todos os vagóns teredes que buscar un lugar nas cadeiras do apeadeiro e o vagón que quede sen sitio pasará a ser locomotora. A locomotora propoñerá diferentes movementos asociados aos accidentes da viaxe que os vagóns deberán imitar. Por exemplo, atravesar túneles agochando a cabeza, pasar pontes andando no bico dos pés, descender ou aumentar a velocidade nas pendentes...
- Situada a vosa vila ou cidade no mapa de Galicia, e situada tamén Montefurado, a aldea onde se desenvolve a historia. Calculade as distancias que hai entre unha e outra. Procurade, coa axuda de internet e outras publicacións que atopedes, fotografías dos dous lugares: das súas estacións, da súa paisaxe...Expoñédeas na aula!




## 5. A banda de música!


- Investigade: que é unha banda de música? Que instrumentos tocan nunha banda? Clasifícade os instrumentos segundo a táboa:


	NOME	FAMILIA- CLASIFICACIÓN	PERSONAXE AO QUE REPRESENTAN
			
			
			
			
			
			

- Atopade as diferenzas nas seguintes fotografías. Cal é unha banda sinfónica e cal é unha orquestra sinfónica? Razoade a resposta.



- Prokofiev compuxo *Pedro e o Lobo* para unha orquestra sinfónica e, neste caso, a obra compúxose para unha banda de música. Na seguinte imaxe aparecen a relación e a distribución dos instrumentos da obra . Observade onde se sitúan os instrumentos de percusión e os instrumentos de vento. Cedes que as bandas sempre teñen o mesmo número de instrumentos? Que tipo de formación é unha banda de música ou unha banda sinfónica? Razoade a resposta.





- Elíxide un instrumento dos que compoñen a banda de música e pescudade información sobre el: como se toca (soprando ou percutindo), cales son as súas características (familia de vento: vento madeira e vento metal; familia da percusión: percusión determinada e indeterminada), cal é a súa colocación na banda (observade, a imaxe do apartado dedicado ás bandas). Finalmente tentade imitar coa vosa voz a sonoridade.



- Formade unha banda entre todos os compañeiros da clase cos instrumentos que teñades á man. Cada un de vós escollerá un instrumento que lle guste e entre todos teredes que decidir a distribución da vosa banda gardando a posición de semicírculo. O voso mestre/a será o director/a da banda.
- A banda que tocou na obra, como se chamaba? Buscade información sobre ela, podeades pedir axuda no concello e as familias ou veciños. Cando se creou? Onde ensaia? Podeades atopar algunha fotografía? Poderiades ir a un dos ensaios da banda para coñecer mellor os diferentes instrumentos e facerlle unha pequena entrevista aos músicos que tocan nela.
- Preguntade na casa ou entre os veciños se alguén toca algún instrumento da banda. Poderiades invitala/o á vosa aula para que vos fixese unha pequena demostración co seu instrumento.

- No final aparece un instrumento novo, a voz, que interpreta unha melodía popular lombarda. Que é unha melodía? Axudádvos da partitura ou buscando en internet escoitade e interiorizade a súa melodía e finalmente compoñede unha estrofa como a que cantaban Mariola e Pedro ao final da obra.

## bandiera rossa



popular lombarda

The image displays a musical score for the piece 'bandiera rossa', identified as a popular Lombard melody. The score is written in 4/4 time and consists of four staves. The first staff begins with a treble clef, a key signature of one flat (B-flat), and a dynamic marking of *mf*. The melody is characterized by a series of eighth and sixteenth notes, often beamed together, with some notes tied across bar lines. The second and third staves continue this melodic line, showing various rhythmic patterns and rests. The fourth staff concludes the piece with a final cadence, ending on a whole note chord.



## 6. Construtores e actores de *Bunraku*.

- Que é o *bunraku*? De onde é orixinal? Nesta guía podes atopar información sobre a técnica.
- Constrúide unha marioneta. Ampliade e recortade nun papel groso as seguintes imaxes dos personaxes da obra e poñédelle pola parte de atrás da cabeza un pauciño, que servirá de agarre para mover o monicreque.







- Podedes construír vestuario novo para os vosos monicreques pintando e recortando nun folio vestidos e complementos e logo pegándollos ou ben seleccionar unha das imaxes do exercicio anterior, gardalas no voso ordenador e abrilas co programa Paint.

Aquí tendes un exemplo:



Pauciño para mover o monicreque

- Escribide unha nova historia para estes personaxes na que introduzades elementos sonoros interpretados en directo asociados a cada un dos personaxes.
- Preparade agora o teatriño coas mesas da aula, que servirán de escenario para mover os monicreques. Usade todas as mesas que precisades pero medide primeiro o escenario, teñen que collervos todas alí! Con plastilina podedes construír diferentes elementos decorativos (como árbores, farois...) para poñer sobre as mesas. En cartolina debuxade os fondos do escenario.
- Escoitade de novo a audición, collede a marioneta que fixestes de cada un dos personaxes do conto e movédea ao son da súa melodía.

## 7. Contos e cantos de lobos!

- Debuxade un lobo e imitade na clase o seu ouveo. Por que credes que é representado polas trompas?
- Quen era o protagonista no conto? E o antagonista? Por que credes que Pedro e Mariola quixeron deixar ao lobo en liberdade despois de atrapalo?
- Construíde un final diferente para o conto. Que credes que sería mellor: atrapar o lobo, matalo, deixalo en liberdade ou levalo ao zoo? Razoade a vosa resposta.



- Preguntade na casa se saben algún conto de lobos e escribídeo ou debuxádeo no voso caderno. Ensinádello na clase aos vossos compañeiros e compartídeos. Comprobaredes que existen moitos contos sobre lobos. Por que pensades que isto ocorre?
- Buscade un avó/a, pai/nai ou titor/a e invitádeo á vosa aula para que vos narre ese conto.
- Escribide unha historia que teña principio, nó e desenlace na que o lobo sexa o personaxe protagonista e que teña un papel de “bo”.

✚ Culmina, neste **último bloque**, esta tarefa educativa cunha única actividade que ten por obxecto resumir e revisar as ideas previas.

## Actividades:

### 8. Arte e creación!

- Creade a vosa propia obra de monicreques inspirada en *Pedro e o Lobo* de Prokofiev. Para obter a música e o conto narrado podedes utilizar o libro-cd *Pedro y el Lobo* de Fernando Palacios, mencionado na bibliografía. Representádea no auditorio do colexio e invítade ás vosas familias e amigos. Lembraide que podedes aproveitar todo o que fixemos durante estas sesións: a historia do conto, os monicreques, o teatriño...

Os pasos a seguir serán:

1. Axustar o argumento do conto á audición musical orixinal, os monicreques ás súas escenografías, preparar o teatriño e ensaiar duro para combinar todo iso. Repartir os traballos e papeis segundo os gustos e preferencias de cadaquén.
2. Establecer un día para a representación.
3. Facer o cartel da vosa obra e as invitacións para as familias e amigos/as.
4. Escribir unha nota de prensa informativa e publicala no voso blog da escola.
5. Preparar o auditorio do colexio para acoller ás familias. Podedes expoñer as suxestións para ser un bo espectador.
6. Ensaia no escenario do auditorio.
7. Gozar e pasalo ben durante o espectáculo!!!!!!
8. As críticas e as reflexións sobre o voso traballo, esta vez tócalle facelas aos invitados!
9. Non vos esquezades de invitar aos Fantoques Baj ver a vosa obra!

Remataremos facendo unha pequena avaliación sobre a tarefa que desenvolvemos nestas sesións. Primeiramente suxerimos que o alumnado en asemblea debata sobre o proceso e valore o traballo bo e o que non foi tan bo propoñendo iniciativas novas para melloralo. De cara a unha avaliación por parte do profesorado, pensamos que o mellor instrumento é a observación mais co fin de facela máis obxectiva propoñemos esta rúbrica.

	<b>Moi ben</b>	<b>Ben</b>	<b>Regular/Precisa mellorar</b>
<b>Espectador/Público</b>	Escoitou e atendeu a obra e entendeu o decálogo do bo espectador.	Escoitou pero non atendeu moito e non entendeu todas as normas do decálogo.	Nin escoitou, nin atendeu, nin cumpriu as normas do decálogo.
<b>Actividades artísticas</b>	Sabe como se chama o espectáculo que foi ver e quen foi o seu autor.	Sabe como se chama o espectáculo pero non quen foi o seu autor.	Non sabe nin como se chama o espectáculo que foi ver nin como se chama o autor.
<b>Proposta didáctica</b>	Mostrou interese e traballou na realización das actividades.	Traballou na realización das actividades, pero non mostrou interese.	Nin mostrou interese nin traballou na realización das actividades.
<b>Creación propia</b>	Mostrou interese pola actividade, soubo traballar en grupo e foi creativo e orixinal.	Mostrou interese pola actividade pero non soubo traballar en grupo nin foi creativo	Nin mostrou interese pola actividade, nin soubo traballar en grupo nin foi creativo.



## FONTES CONSULTADAS

Bernstein, L. (2002). *El maestro invita a un concierto*. Madrid: Siruela.

Canaria, O. F. (2005). *Pedro y el Lobo*. Victoria- Gasteiz: AgruParte Producciones.

*Educ@con Tic*. (s.f.). de <http://www.educacontic.es/gl/blog/la-magia-de-contar-un-cuento-con-musica-pedro-y-el-lobo>. [29 de setembre de 2014]

*Federación de Bandas Galegas*. (s.f.). Recuperado o 29 de setembre de 2014, de <http://fgbmp.net/index.php?id=72>

Fernandez Sanmartín, C. (2001). *O mundo está así, todo cheo de historias*. Tempos Modernos.

*Orquesta y Banda*. (s.f.). <https://sites.google.com/site/musicobseso/orquesta>. [01 de 10 de 2014].

Palacios, F. (2014). *Teatro Real*. Guía Didáctica de Pedro y el lobo: <http://www.teatro-real.com/es/ninos-y-jovenes/programa-pedagogico/espectaculos-infantiles/pedro-y-el-lobo-13-14>. [25 setembre de 2014].

Palacios F. (1997). *Escuchar, 20 reflexiones sobre música y educación musical*. Fundación Orquesta Filarmónica de Gran Canaria.

Prado, M. (2003). *Pedro y el lobo*. Barcelona: Norma Editorial.

R.P., M. (1994). *La música del siglo XX*. Madrid: Akal Música.

Sucunza, G. (2009). *Educ@ con Tic*. Recuperado el 29 de setembre de 2014, de [http://www.cfnavarra.es/conciertosescolares/guias\\_pdf/2009-10/Pedro%20y%20el%20Lobo.pdf](http://www.cfnavarra.es/conciertosescolares/guias_pdf/2009-10/Pedro%20y%20el%20Lobo.pdf)

Templeton, S. (Dirección). (2006). *Peter and the wolf* [Película].


*Unesco*. (s.f.). <http://www.unesco.org/culture/ich/index.php?pg=00011&RL=00064>. [28 de Setembre de 2014]



# PEDRO E O LOBO

Fantoches Baj





Estes son os outros protagonistas da miña historia co lobo. Se queres, podes relacionar con liñas cada personaxe co instrumento que o representa.

Distribución: **Urdime**  
 PROPOSTAS CULTURAIS  
 PARA A INFANCIA E A XOVUZZE  
 T. +34 881895403  
 M. +34 679946957  
 www.urdime.net  
 info@urdime.net

**AGADIC**  
 Axaencia Galega das  
 Industrias Culturais  
**XUNTA DE GALICIA**